

NORMAS DE ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMENTO E CONVIVENCIA.

INTRODUCCIÓN

De conformidade coa lexislación vixente, en especial, a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (LOE) modificada pola Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE), o Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Orgánico das Escolas de Educación Infantil e dos colexios de Educación Primaria; a Orde do 22 de xullo de 1997 que desenvolve o Decreto 374/1996, así como o Real Decreto 732/1995, do 5 de maio, polo que se establecen os dereitos e deberes dos alumnos/as e as normas de convivencia nos centros, en todo o que non resulte incompatible, contrario, se opoña ou contraveña ao que establece en materia de convivencia o Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro (DOG do 27 de xaneiro), polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar (DOG do 15 de xullo) polo que, segundo se establece na Disposición derogatoria única, quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango resulten contrarias ou se opoñan ao establecido neste decreto e, en particular, o Decreto 85/2007, do 12 de abril, polo que se crea o Observatorio Galego da Convivencia Escolar, redáctanse as presentes Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia do CEIP SAGRADO CORAZÓN de Lugo.

Segundo se establece na disposición transitoria cuarta (*Adaptación normativa*) do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro (DOG do 27 de xaneiro), polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, as normas de organización e funcionamento e os plans de convivencia en vigor deberán adaptarse ao establecido neste decreto nun prazo dun ano desde a súa entrada en vigor. En ningún caso se poderán aplicar se se opoñen ao disposto nel.

CAPÍTULO I

NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

TÍTULO 1. ÁMBITO E APLICACIÓN DAS NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO (NOF) E DAS NORMAS DE CONVIVENCIA.

Artigo 1. Estas Normas de Organización e Funcionamento (NOF) e Normas de Convivencia son de aplicación a toda a Comunidade Educativa do Centro, entendendo como Comunidade Educativa a formada polo alumnado, o profesorado, os pais/nais de alumnos/as e o persoal de administración e servizos.

Artigo 2. As normas de organización e funcionamento do centro incluírán as normas de convivencia que garantan o cumprimento do plan de convivencia. Estas normas serán públicas e o centro facilitará o seu coñecemento por parte de todos os membros da comunidade educativa.

Recollerán, ademais, na Programación Xeral Anual a organización dos espazos e dos tempos, así como a distribución dos recursos, para favorecer unha convivencia positiva no centro educativo.

Establecerán tamén os procedementos de comunicación ás familias das faltas de asistencia do alumnado ás clases e as correspondentes autorizacións ou xustificacións para os casos de ausencia cando estes ou estas sexan menores de idade non emancipados/as.

Artigo 3. As normas de convivencia terán como obxectivo fundamental desenvolver unhas relacións positivas entre os diferentes membros da comunidade educativa para lograr un clima escolar axeitado que facilite o logro dos obxectivos educativos e o éxito escolar do alumnado.

Artigo 4. Concretarán os dereitos e deberes do alumnado, establecerán as condutas contrarias á convivencia e as correccións que lle correspondan polo seu incumprimento, de acordo co previsto na **Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de**

convivencia escolar (DOG do 15 de xullo) e no Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro (DOG do 27 de xaneiro), polo que se desenvolve a Lei 4/2011.

Artigo 5. *Aplicación, difusión e seguimento das normas de organización e funcionamento e das normas de convivencia.*

As normas de convivencia do centro, logo da súa aprobación, serán de obrigado cumprimento para toda a comunidade educativa e estarán recollidas no plan de convivencia do centro.

O equipo directivo do centro, o claustro e o consello escolar, a través da comisión de convivencia, velarán polo cumprimento das normas establecidas.

Correspóndelle ao equipo directivo do centro levar a cabo as actuacións necesarias para a difusión das normas de organización e funcionamento e das normas de convivencia entre a comunidade educativa.

TÍTULO II. NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO (NOF).

Artigo 6. Mobiliario e material do Centro.

Todo o mobiliario e material do centro deberá ser coidadosamente usado pola comunidade educativa. Cando algún membro desta cause danos intencionadamente ao mobiliario ou instalacións do centro queda obrigado a reparar o dano causado ou facerse cargo do custo económico da súa reparación.

A utilización dos medios de reprografía (fotocopiadora, impresoras,...) estará limitado a aspectos docentes ou administrativos do centro.

Artigo 7. Hixiene e sanidade.

As instalacións do centro estarán en perfectas condicións de limpeza e respectarán as debidas garantías de hixiene. Da súa inspección encargárase o persoal de conserxería e o persoal de limpeza que comunicarán á Dirección do centro calquera anomalía.

A detección de calquera indicio de enfermidade infecto-contaxiosa comunicárase á Dirección que tomará as medidas oportunas comunicándollo ás autoridades competentes e informando ao Consello Escolar.

Artigo 8. Saídas escolares.

Correspóndelle a cada titor/a ou profesor/a especialista propoñer e programar, dentro do Equipo Docente e dentro do Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares, a organización das saídas e actividades complementarias do seu alumnado que se incluírán na P.X.A. Puntualmente aquelas outras que poidan ser consideradas no seu momento de interese, non contempladas na P.X.A., das que se informará ao Consello Escolar, e se solicitará, se é o caso, autorización á Inspección Educativa.

Pedirase unha autorización aos proxenitores ou titores legais para a realización de cada unha das saídas que se programen. Así mesmo informarase aos pais/nais sobre cada unha das saídas (horario, itinerario, medio de desprazamento, visitas previstas,...) e irase dando da proposta e/ou realización das mesmas ao Consello Escolar a medida que se vaian programando definitivamente. Cada titor/a recollerá as autorizacións dos seu alumnado.

O profesorado que imparta docencia nun curso, poderán organizar saídas con ese grupo de alumnos/as de acordo co Equipo Docente e informado ou de acordo co Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares.

Nas saídas cada grupo de alumnos/as irá acompañado, como mínimo, polo seu/súa profesor/a titor/a ou por aquel/a profesor/a en quen delegue.

Artigo 9. Participación de persoas alleas ao Centro.

O profesorado ou os equipos docentes poderán promover a participación de terceiros en actividades complementarias que se vaian desenvolver en tempo lectivo nas seguintes condicións:

- A actividade debe ser previamente solicitada e autorizada pola Dirección do centro, por delegación do Consello Escolar.
- As persoas alleas deberán actuar sempre en presenza e baixo a supervisión e a responsabilidade do profesor ou profesora correspondente.
- Ditas persoas deberán reunir os requisitos esixidos pola lexislación vixente en canto a protección xurídica do menor.

Artigo 10. Organización de espazos.

Correspóndelle ao Equipo directivo a organización e distribución de espazos no Centro, logo de oído o Claustro. A organización de espazos figurará na Programación Xeral Anual.

Artigo 11. Uso das instalacións do Centro por parte da comunidade educativa.

Para utilizar as instalacións por parte da administración municipal así como dos diversos sectores da comunidade educativa (nais/pais de alumnas/os, grupos de profesores,...) só se require a solicitude previa por escrito ao Director/a do centro cunha antelación mínima de tres días.

Para o uso por parte de entidades ou persoas alleas á comunidade educativa solicitarase ao Director/a do centro que, por delegación do Consello Escolar ou se é o caso tras o informe previo do Consello Escolar, tramitará esta petición á Xefatura Territorial da Consellería de Educación que resolverá o que proceda.

Artigo 12. Botiquín.

O botiquín está na Xefatura de Estudos onde existe un armario de primeiros auxilios co preciso para a realización de limpeza, desinfección e pequenas curas ao alumnado ou a calquera membro da comunidade educativa e onde tamén se gardará, se é o caso, a medicación básica prescrita do alumnado acollido ao Programa de ALERTA ESCOLAR.

Artigo 13. Relacións cos pais/nais de alumnos/as.

a) Co fin de facilitar a relación do profesorado cos pais/nais de alumnos/as, fíxase na P.X.A. unha hora de atención dos profesores/as aos pais/nais, dentro do horario non lectivo de obrigada permanencia do profesorado no centro: os MARTES lectivos, de 16:00 a 17:00 horas, previa solicitude de entrevista segundo o *modelo 1* que se lles facilitará. O lugar da visita será a aula do alumno/a previa petición de día e hora.

b) Fixaranse tamén na P.X.A. reunións conxuntas cos pais/nais de alumnos/as por titorías, niveis ou ciclos encamiñadas á expoñer as liñas xerais do plan de traballo de cada clase.

c) Ademais dos boletíns informativos de avaliación trimestrais, os pais/nais poderán recibir información complementaria do centro, escrita ou telefónica, sempre que a urxencia da necesidade no proceso de ensinanza-aprendizaxe ou do funcionamento do centro así o requira.

d) Durante o horario lectivo prohíbese o acceso ás aulas dos pais/nais e persoal alleo ao centro. De ser necesaria unha entrevista urxente cun profesor/a, procederase segundo determine o Equipo Directivo.

e) Polo risco que suporía que durante os recreos persoas alleas poidan dar aos alumnos/as produtos non desexados, tales como alimentos perigosos, larpeiradas e outros produtos, prohíbese a entrega de calquera cousa a través do enreixado do peche do colexio.

f) Se o pai/nai ou titor/a legal ou persoa autorizada por estes necesita entregarlle algo a un alumno/a durante a xornada lectiva (incluído o recreo), deberá solicitar o permiso do titor/a, profesorado de garda ou membro do equipo directivo para a súa entrega persoal dentro do propio recinto escolar.

Artigo 14. Actividades extra-escolares das tardes.

a) Ao inicio de cada actividade o profesorado de garda ou persoal de conserxería abrirá ou facilitará as chaves do espazo que corresponda do

recinto escolar. Os/As pais/nais permanecerán co alumnado ata que o monitor proceda a recoller aos participantes na súa actividade. Ao remate da mesma será o monitor quen entregue os/as alumnos/as aos seus pais/nais.

b) Non está permitida a permanencia de persoas no recinto escolar que non estean participando nalgunha actividade ou se dirixan expresamente aos locais da antiga Gardería da Obra Social Caixa Galicia.

c) Os alumnos non teñen permitido acceder a ningunha outra dependencia do centro máis que a aquela na que se estea a desenvolver a actividade na que participan (biblioteca e/ou extra-escolares) e aos servizos hixiénicos do edificio de Dirección.

d) Non está permitido utilizar o material das aulas nin do alumnado escolarizado nelas agás as mesas, cadeiras e encerado. As aulas deben quedar recollidas despois do seu uso.

e) O profesorado de garda representa ao centro e velará polo cumprimento destas normas, de producirse algunha incidencia os monitores deberán comunicarllela.

Artigo 15. Organización das entradas e saídas.

a) A conserxe abrirá as portas de acceso ao recinto escolar 08:50 horas para evitar aglomeracións na rúa ou mollarse en días de choiva, pero os/as pais/nais ou titores faranse responsables do coidado dos seus fillos/as ata o toque do timbre que sinala a entrada ás clases.

b) Os/as pais/nais deberán deixar aos alumnos nos porches do Centro e non poderán permanecer no interior despois de que soe o timbre de entrada ás clases para non entorpecer o normal inicio das actividades lectivas.

c) As persoas que agarden para recollelos á saída permanecerán no patio de entrada, nos porches fronte a cada porta, non estando permitido o acceso ás aulas ou outras dependencias do centro sen causa xustificada.

- d) A entrada e saída das clases farase puntualmente ao toque do timbre. O profesorado pertencente a cada unha das quendas de garda establecidas para cada día realizará o control e supervisión das filas de entrada. Nos cambios de sesións lectivas o profesorado procurará que sexan o máis rápidos posible evitando que o alumnado estea só na aula.
- e) Ao finalizar a xornada escolar, cada profesor/a encargarse de organizar a saída do alumnado ao que impartiu a última clase.
- f) Evitarase que o alumnado ande polos corredores nas horas de clase. As saídas aos servizos serán só nos casos precisos, habendo máis flexibilidade en E. Infantil e 1º e 2º curso de E. Primaria.
- g) O horario de recreo para todo o alumnado será, con carácter xeral, de 11:50 a 12:20 horas.
- h) Evitarase que o alumnado permaneza só na aula durante os recreos.
- l) O profesorado encargado da vixilancia dos recreos organizará a entrada dos mesmos ás aulas.
- l) Cando no recreo a climatoloxía adversa impida saír ó exterior, o alumnado permanecerá na súa aula sendo atendidos polo seu titor/a.
- ll) Durante o recreo ao patio polideportivo irá o alumnado de 2º a 6º curso de E. Primaria. No patio de entrada e no 1º e 2º porche irá o alumnado de 1º curso de E. Primaria e o alumnado de E. Infantil. Non está permitido o uso de balóns no porches.
- m) Non se poderá xogar nin correr polos corredores e escaleiras, nin entrar nas aulas dos outros cursos sen autorización.
- n) Cando, en horas de clase, un grupo teña que trasladarse a algunha dependencia do colexio farao en silencio, para non molestar ás outras clases.
- ñ) O alumnado deberá manter unhas normas de orde e limpeza coas instalación, materiais do centro e material propio.

o) O alumnado de E. Primaria tomará a “merenda”, que traia da casa, durante o recreo. O alumnado de E. Infantil tomará na aula antes de saír ao recreo. Non se deberá permitir compartir a merenda por mor de razóns de saúde, alimentación axeitada e hixiene.

p) Non se permitirá invitacións nin celebracións na aula nin nos recreos con produtos alimenticios nin lambetadas por razóns de seguridade, saúde, alimentación axeitada, hixiene e hábitos de consumo.

r) Os mestres tutores levarán un rexistro de asistencia do seu alumnado. A xustificación das faltas por parte dos/das pais/nais ou tutores farase por escrito segundo *modelo 2* que facilitará o titor/a para que se presente cuberto e asinado. Tamén se poderá descargar, no seu momento, da páxina web do colexio.

s) As faltas, tanto xustificadas como inxustificadas, deberán figurar nos boletíns informativos de avaliación.

t) Cando as faltas inxustificadas teñan carácter reiterado abrírase o correspondente protocolo de absentismo, comunicaranse aos proxenitores ou tutores legais a través da secretaría do centro, deixando constancia no rexistro de saída, e, se fora o caso, porase en coñecemento dos Servizos Sociais do Concello e, no seu caso, do Servizo de Menores e da Inspección Educativa.

u) Fóra do horario lectivo ou de actividades extraescolares o alumnado non poderá permanecer no recinto escolar. Se así o fixera será unicamente baixo a responsabilidade dos seus pais ou tutores.

v) Durante as actividades extraescolares só poderán permanecer no recinto escolar aqueles alumnos que participan nelas.

Artigo 16. Saídas do alumnado

En horario lectivo:

Cando un alumno/a deba abandonar o centro en horario lectivo, os/as pais/nais, tutores ou familiares, que se fagan cargo del, cubrirán e asinarán un

xustificante que entregarán ao titor/a ou profesor que nese momento corresponda (*modelo 3*).

Ao rematar o horario lectivo:

Segundo o establecido na *Instrucción Conxunta 9/2017 da Secretaría Xeral Técnica e da Dirección de Centros e Recursos Humanos pola que se establecen recomendacións sobre a saída dos alumnos escolarizados nos centros educativos públicos da Comunidade Autónoma Galega ao remate do horario lectivo e sobre a recollida deles nas paradas establecidas no transporte escolar, de 2 de xuño de 2017*, os pais, nais ou titores legais que non poidan recoller ao seu fillo/a ao remate do horario lectivo (clases lectivas), actividades complementarias e extraescolares, excursións, visitas culturais ou eventos concretos previamente comunicados, poderán autorizar a unha **persoa adulta a recoller ao su fillo/a, a que poida saír só/soa do citado Centro se é alumno/a de 5º ou 6º de Ed Primaria e/ ou recoller a irmáns de menor idade** durante o curso escolar, eximindo á Consellería de calquera responsabilidade por danos ou lesións indemnizables que poida sufrir o escolar. Para o cal deberán cubrir e entregar asinado no Centro os *modelos 4, 5 e 6 respectivamente*.

Artigo 17. Retraso na entrada do alumnado.

Cando un alumno/a chegue tarde ao centro os/as pais/nais, titores ou familiares que o acompañen cubrirán e asinarán a correspondente ficha xustificante do retraso que entregarán ao profesorado que nese momento estea de garda (*modelo 2*) quen acompañará ao citado alumno/a á súa aula. No caso de retrasos reiterados o alumno/a esperará na Biblioteca do centro acompañado/a do profesorado de garda ata o cambio de sesión lectiva, para evitar continuas interrupcións na clase.

Artigo 18. Recreos

1. O horario dos recreos fixarase, en Claustro, a comezos de setembro, nos horarios de cada etapa educativa e estará supeditado ás instrucións ditadas pola Consellería de Educación.

2. Os recreos estarán vixiados polos profesores/as correspondentes coas quendas que se establezan en función do número de alumnos/as e cumprindo a normativa vixente.
3. Durante o tempo de recreo, todos os alumnos/as permanecerán no patio ou porches. No caso de ter que estar algún alumno/a na aula ou en calquera outra dependencia do Centro, deberá estar acompañado polo mestre/a que adoptou tal decisión. O alumnado non deberá permanecer só nas aulas.
4. Unha vez no patio ningún alumno/a poderá regresar á aula, a non ser co permiso dalgún dos mestres/as de garda.
5. Durante os recreos os alumnos/as non poderán realizar xogos violentos que poidan poñer en perigo a súa integridade física e a dos demais. Usaranse, de ser o caso, pelotas de espuma.
6. A porta do patio debe estar custodiada polo persoal de conserxería, de maneira que permaneza pechada pero se poida entrar no edificio de maneira inmediata desde fóra.
7. Os días de mal tempo, o equipo directivo tomará a decisión de distribuír ao alumnado de maneira que se repartan polos espazos cubertos do centro ou de permanecer nas respectivas aulas co profesorado que corresponda.
8. Respetar as zonas establecidas aos niveis e etapas.
9. Non tirar papeis nin restos de merendas ao chan.
10. Desprazarse con coidado respectando aos compañeiros e os seus xogos.
11. No caso de conflito, pedir a intervención inmediata dos profesores de vixilancia de patio.
12. Ao toque do timbre, colocarse no patio cuberto en fila, por clases, con orde.
13. Desprazarse andando, sen correr, pola marxe dereita e sen facer ruído.

Artigo 19. Uso dos servizos hixiénicos.

1. Nas entradas ao Colexio procurarase que os alumnos/as vaian directamente ás aulas sen pasar polos servizos.
2. Nas saídas non se poderán utilizar, salvo casos excepcionais.
3. Nos recreos utilizaranse exclusivamente os servizos do edificio de Dirección e os do Edificio de Primaria co permiso do profesorado de garda de recreo.
4. Durante as horas de clase deberase facer un uso moderado dos aseos, en función da idade e circunstancias persoais dos alumnos/as.

Artigo 20. ALUMNOS ACCIDENTADOS OU INDISPOSTOS.

- Os/As pais/nais ou titores legais comunicarán ao titor/a do seu fillo/a calquera enfermidade ou situación médica que padeza o alumno/a e que consideren deba estar en coñecemento do Centro.
- Cando a situación médica dun alumno/a sexa comunicada unicamente de xeito verbal ao titor/a entenderase que os pais/nais ou titores legais a valoran como leve e sen importancia, non requirindo ningunha atención especial por parte Centro.
- O titor/a ante unha comunicación verbal será quen decida a súa anotación para que forme parte dos datos do seu alumno/a.
- Cando a situación médica dun alumno/a sexa valorada como importante ou de certa gravidade e que poida requirir de atención especial, esixe a presentación dun certificado médico, que debe ser entregado polos pais/nais ou titores legais ao titor/a.
- Cada titor/a quedarase cunha fotocopia dos certificados médicos da súa titoría e entregará os orixinais ao Equipo Directivo.
- Os certificados médicos orixinais serán arquivados xunto co expediente do alumno/a.

- Os datos médicos, igual que os demais datos de cada alumno/a, son confidenciais e como tales só terán acceso a eles o titor/a e o Equipo Directivo.
- O Equipo Directivo informará das situacións médicas certificadas aos demais profesores/as que lle imparten clases ou atención directa (garda de clase, garda de recreo...) aos alumnos/as afectados.
- A información dos datos médicos dun alumno/a terán como único obxectivo e fin protexer e velar pola súa integridade física e/ou psíquica ou moral.
- Excepcionalmente a manifestación de información sobre datos dun alumno/a, fóra do ámbito estritamente educativo, por parte do persoal do Centro, docente ou non docente, será facilitada a través dos proxenitores ou titores legais, previa autorización e consentimento destes.
- As medidas sanitarias básicas no propio Centro serán as seguintes:
 - * Desinfección de rozaduras e pequenas feridas superficiais cos seguintes elementos: auga e xabón, suero fisiolóxico ou desinfectante (Betadine) e colocación dunha tiriña ou gasa e esparadrapo.
 - * Aplicación dunha almofadilla de xeo ou bolsa de xel frío e/ou unha pomada antiinflamatoria en caso de golpes sen ferida.
 - * Cando o golpe sexa na cabeza, aínda sen ferida, comunicaráselle á familia para que decida se deixalo/a no Centro ou recollelo/a para levalo/a a un exame médico.
- Os pais/nais ou titores legais que non queiran que se adopten co seu fillo/a as medidas anteriores, deberán comunicalo por escrito e asinado ante a Dirección do Centro.
- Nos casos de comunicación expresa dos pais/nais ou titores legais para que non se adopten as medidas básicas relacionadas co seu fillo/a, o Centro chamará á familia en caso de calquera lesión.

- O profesorado non administrará ningún medicamento ao alumnado excepto no caso de estar incluído ese alumno ou alumna no Programa de ALERTA ESCOLAR, seguindo o seu protocolo, e/ou as instrucións que se reciban dos servizos de emerxencia, **061** ou **112**.

- A administración ou aplicación doutros medicamentos ou medidas a un alumno/a por parte do persoal docente ou non docente do Centro será baixo a súa total responsabilidade.

Artigo 21. Procedemento para a atención do alumnado indisposto ou accidentado.

- Cando un alumno/a se atope indisposto ou accidentado avisarase aos pais ou titores para que acudan ao Colexio para facerse cargo del. Os mestres que se atopen co alumno/a accidentado cubrirán o parte de accidentes segundo *modelo 7*.

- Se o accidente ou indisposición revestise gravidade avisaranse aos servizos de emerxencia **061** ou **112** e comunicaráselle á familia. Neste caso acompañará ao alumno o profesor/a titor/a ou outro profesor/a do Centro mentres non cheguen os seus familiares.

- En ningún caso o centro escolar decidirá o traslado dun alumno/a sen instrucións dos servizos de emerxencias (**061** ou **112**).

Os/As pais/nais facilitarán ao Centro unha fotocopia da Tarxeta de asistencia sanitaria así como un teléfono de contacto para estes casos, que estarán na Secretaría e na titoría para utilizarse en caso de urxencia ou indisposición.

Artigo 22. Tabaco.

Segundo a Lei 28/2005 de 26 de decembro BOE nº 309 de 27-12-05 e na Lei 42/2010, (BOE 31 de decembro, artigo 7. d) de medidas sanitarias fronte ao tabaquismo e reguladora de venta, subministración e publicidade dos produtos de tabaco, prohíbese fumar en centros docentes e formativos en todo o recinto escolar.

CAPÍTULO II

NORMAS DE CONVIVENCIA.

TÍTULO 1. NORMATIVA APLICABLE.

Mentres non entraron en vigor as disposicións regulamentarias de desenvolvemento da LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa (DOG do 15 de xullo), estaba a ser aplicable en materia de convivencia nos centros docentes o Real decreto 732/1995, do 5 de maio, sobre dereitos e deberes do alumnado e normas de convivencia (BOE 2 de xuño), no que non resultaba incompatible coa devandita Lei segundo o establecido na Disposición transitoria segunda (Normativa regulamentaria de desenvolvemento) desta Lei. En todo caso, os prazos e o procedemento de corrección das condutas contrarias á convivencia adaptaranse ao previsto na dita Lei 4/2011.

Na actualidade, coa entrada en vigor do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro (DOG do 27 de xaneiro), polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar (DOG do 15 de xullo) polo que, segundo se establece na Disposición derogatoria única, quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango resulten contrarias ou se opoñan ao establecido neste decreto e, en particular, o Decreto 85/2007, do 12 de abril, polo que se crea o Observatorio Galego da Convivencia Escolar. Na Disposición transitoria terceira do Decreto 8/2015 establécese que “a Comisión de Convivencia de cada centro educativo, público ou privado concertado, deberá constituírse no prazo de seis meses desde a entrada en vigor deste decreto”, e a Disposición transitoria cuarta (Adaptación normativa) establece que “as normas de organización e funcionamento e os plans de convivencia en vigor deberán adaptarse ao establecido neste decreto nun prazo dun ano desde a súa entrada en vigor. En ningún caso se poderán aplicar se se opoñen ao disposto nel”. Este Decreto 8/2015 entrou en vigor aos vinte días da súa publicación no Diario Oficial de Galicia (27/01/2015), é dicir dende o día 16 de febreiro de 2015.

TÍTULO II. NORMAS DE CONVIVENCIA NO CENTRO.

Artigo 23. Estas Normas de Convivencia son de aplicación a toda a Comunidade Educativa do Centro, entendendo como Comunidade Educativa a formada polo alumnado, o profesorado, os pais/nais de alumnos/as e o persoal de administración e servizos.

Artigo 24. Normas elementais e básicas de convivencia no centro.

1. Respecto a todas as persoas que conviven no Centro: profesores/as, alumnos/as, pais/nais, persoal non docente.
2. A asistencia ás clases é obrigatoria.
3. Obrigada é tamén a puntualidade á hora de entrada e saída das clases.
4. Corrección no modo de falar, xestos, etc. na relación con profesores/as, compañeiros/as e demais persoas que conviven no centro.
5. Limpeza no uso das instalacións e coidado do mobiliario e material de traballo.
6. Non traer ao centro xogos ou aparatos electrónicos e de multimedia nin móbiles. De ser necesario facer unha chamada aos pais/nais dispoñemos do teléfono do centro para estes casos. De traelos, apagaranse antes de entrar no recinto e ninguén se poderá facer responsable da súa perda, estrago ou substracción.
7. Vestir coa corrección que lle corresponde a un centro educativo.
8. Para a clase de Educación Física é obrigatorio o uso de roupa e calzado deportivo axeitado.
9. Para o alumnado de E. Infantil é obrigatorio o uso de mandilón.
10. O material de educación física só será utilizado baixo a supervisión do profesorado de E. Física e deberá volver a colocarse no seu sitio unha vez rematada a actividade para o que se fixo preciso.

11. Fóra do horario lectivo ningún/ha neno/a subirá ás aulas, agás baixo vixilancia dun/ha mestre/a, monitor/a ou persoal de conserxería.

12. Non está permitido a entrada de animais no recinto escolar.

13. Toda a documentación que sae do centro debe ser aprobada previamente polo equipo directivo.

Artigo 25. Erradicación de prexuízos sexistas no Centro.

Garantirase a igualdade de trato e combateremos a discriminación por razóns de diversidade afectivo-sexual e identidade sexual, segundo a Lei 2/2014, que inclúe a mención expresa á eliminación de calquera indicio de discriminación que poidamos apreciar no sistema educativo, entre outras, por razóns de identidade de xénero.

Terase en conta o **Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero, feito público en abril de 2016 pola Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.**

Non se admitirán, no centro docente, as desigualdades entre alumnos e alumnas sustentadas en crenzas, prexuízos, tradicións ou prácticas consuetudinarias transmisoras, directa ou indirectamente, dunha distribución estereotipada de papeis entre os sexos. Rexeitarase calquera conducta, actitude ou comportamento sexista que puidese existir no seo da comunidade escolar. Aplicaranse activamente principios pedagóxicos de respecto á identidade e á imaxe das mulleres e dos homes.

Ditas condutas son contrarias ás normas de convivencia do Centro e en función da súa gravidade terán o tratamento correspondente.

Artigo 26. Incumprimento das normas de convivencia.

1. Os incumprimentos das normas de convivencia deberán ser valorados en función da situación e as condición persoais do alumnado. De considerarse preciso, o profesorado deberá cubrir o parte de incidentes segundo *modelo 8*.
2. Respetarán a proporcionalidade coa conduta do alumnado e deberá contribuír á mellora do seu proceso educativo.
3. En ningún caso se poderán impoñer sancións contrarias á integridade física e á dignidade persoal do alumnado.
4. O alumnado que, individual ou colectivamente, causen dano intencionadamente ou por negligencia nas instalacións do centro quedan obrigados a reparar o dano ou facerse cargo do custo da reparación. Os/as pais/nais/titores serán responsables civís subsidiarios.
5. Poderanse corrixir os actos contrarios ás normas de convivencia do centro realizados polo alumnado no recinto escolar ou durante as actividades extraescolares e complementarias. Igualmente fóra do recinto escolar cando teñan relación coa vida escolar e afecten a compañeiros/as ou a outros membros da comunidade educativa.
6. Consideraranse circunstancias paliativas, a efectos de gradación, o recoñecemento espontáneo da súa conduta incorrecta e a falta de intencionalidade.
7. Consideraranse circunstancias acentuantes, a premeditación e reiteración en causar dano, inxuria ou ofensa aos/ás compañeiros/as de menor idade ou ós restantes membros da comunidade educativa.

TÍTULO III. DEREITOS E DEBERES DO ALUMNADO

Artigo 27. Dereitos do alumnado.

Recoñécenselle ao alumnado os seguintes dereitos básicos de convivencia escolar, sen prexuízo dos establecidos nas Leis Orgánicas de Educación, e no

Real Decreto 732/1995 polo que se establecen os dereitos e deberes dos alumnos/as e normas de convivencia nos centros en todo aquilo que non se opoña ou contradiga o establecido no Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro (DOG do 27 de xaneiro), polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

Tódolos/as alumnos/as teñen os mesmos dereitos e deberes sen máis distincións que as derivadas da súa idade e do nivel que estean estudando.

Tódolos/as alumnos/as teñen o dereito e o deber de formarse e coñecer os valores e principios democráticos, a normas que os regulan e os Dereitos Humanos.

Tódolos/as alumnos/as teñen dereito a que a súa dedicación e esforzo sexan valorados e recoñecidos con obxectividade e a recibir orientación educativa.

Artigo 28. En todo caso, son dereitos básicos do alumno/a:

- a) A recibir unha formación integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.
- b) A que se respecte a súa liberdade de conciencia, as súas conviccións relixiosas e morais.
- c) A que se respecten a súa intimidade, identidade, integridade e dignidade persoais.
- d) Á protección integral contra toda agresión física e moral, e en particular contra as situacións de acoso escolar.
- e) A participar no funcionamento e na vida do centro, de conformidade coas normas vixentes.
- f) A recibir as axudas e apoios precisos para compensar as carencias e desvantaxes de tipo persoal, familiar, económico, social e cultural, especialmente no caso de presentar necesidades educativas especiais, que impidan ou dificulten o acceso e permanencia no sistema educativo.

g) Á protección social, no ámbito educativo, nos casos de infortunio familiar ou accidente.

Artigo 29. Deberes do alumnado.

Son deberes básicos de convivencia do alumnado:

a) Respetar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do centro.

b) Respetar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade, identidade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.

c) Respetar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro docente.

d) Conservar e facer un bo uso das instalacións e dos materiais do centro.

e) Participar activamente nas actividades de estudo (deber básico), formativas e, especialmente, nas orientadas ao desenvolvemento e logro dos currículos.

f) Seguir as directrices do profesorado respecto á súa educación e aprendizaxe.

g) Asistir a clase con puntualidade e co material preciso.

h) Participar e colaborar, a través das canles regulamentarias, na mellora da convivencia escolar e na consecución dun clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros á educación.

TÍTULO IV. DEREITOS E DEBERES DO PERSOAL DO CENTRO.

Artigo 30. PERSOAL DOCENTE.

Deberes e dereitos recollidos, xunto co código de conduta ético e o réxime disciplinario como funcionarios públicos na Lei 7/2007 de 12 de abril “del

Estatuto básico del empleado público” (BOE del 13 de abril) así como polo decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia (DOG 13 de xuño).

Artigo 31. Dereitos do persoal docente.

Os dereitos do profesorado serán os seguintes:

- O profesorado, dentro do respecto á Constitución, ás leis e ao presente regulamento, teñen garantida a liberdade de ensino. O exercicio desta liberdade deberá orientarse a unha formación integral dos alumnos, que contribúa a formar a súa conciencia moral e cívica de xeito respectuoso coa liberdade e dignidade persoal dos mesmos.
- A intervenir na xestión do centro a través dos órganos establecidos ao efecto.
- A reunirse nos locais do centro, sempre que non interrompan a actividade docente. Estas reunións comunicaranse ao Director/a coa antelación debida.
- A convocar reunións informativas profesionais.
- A ser tratados en todo momento con dignidade e respecto.
- A que se respecte a súa liberdade de conciencia, as súas conviccións relixiosas e morais.
- A que se respecten a súa intimidade, identidade e integridade.
- Á protección integral contra toda agresión física e moral, e en particular contra as situacións de acoso.
- A participar no funcionamento e na vida do centro, de conformidade coas normas vixentes.
- A ser informados polos seus representantes nos órganos colexiados dos acordos adoptados nos mesmos.

- A ser informados das comunicacións que se reciban e lles afecten laboral e profesionalmente.
- A elixir e ser elixidos membros dos órganos colexiados.

Artigo 32. Deberes do persoal docente.

Os deberes do profesorado serán os seguintes:

- Dirixir a formación integral e harmónica da personalidade do alumno prestándolle atención e apoio.
- Adaptar o desenvolvemento dos programas didácticos ás condicións dos alumnos e alumnas así como a metodoloxía.
- Elaborar co demais profesorado do seu ciclo e/ou equipo docente as programacións e planificación das actividades docentes.
- Cando sexan elixidos como representantes nun órgano colexiado informarán aos representados sobre os acordos tomados.
- Avaliar o proceso de aprendizaxe dos seus alumnos e alumnas así como do propio proceso de enseñanza.
- Asistir con puntualidade ás clases.
- Xustificar os retrasos e ausencias.
- Tomar parte nas vixilancias dos recreos.
- Manter e fomentar a relación directa coas familias do alumnado, informándoas da evolución do proceso educativo dos seus fillos e fillas, dos obxectivos a acadar e das actividades previstas para acadalos.
- Coñecer e controlar as faltas de asistencia á clase do seu alumnado.
- Coidar e responsabilizarse da convivencia tanto na súa aula como no resto das dependencias do colexio.

- Colaborar no mantemento das instalacións e material do centro.
- Exercer a función docente favorecendo a creación dun clima de estudio e de participación de todo o alumnado así como favorecer unha actitude positiva dos pais/nais cara o centro.
- Explicar aos alumnos e alumnas as notas que se lles dean.
- Cumprir o establecido nestas Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia sen prexuízo do establecido na lexislación vixente.

TÍTULO V. DEREITOS E DEBERES DOS PAIS/NAIS E TITORES.

Artigo 33. Dereitos dos pais/nais ou titores legais.

Os/As pais/nais, en relación coa educación dos seus/súas fillos/as teñen os seguintes dereitos:

- A que os seus fillos e fillas reciban unha educación conforme os fins establecidos na Constitución e nas leis.
- Á libre elección de centro.
- A que os seus fillos e fillas reciban unha formación relixiosa e moral que estea de acordo coas súas propias conviccións.
- A estar informados sobre o progreso de aprendizaxe e integración socio-educativa dos seus fillos e fillas.
- A participar na xestión e organización do centro nos termos establecidos nas leis.
- A ser informados polo titor/a sobre a actividade educativa do seu fillo/a.
- A presentar propostas e queixas razoadas para ser tratadas polo Consello Escolar ou por outros órganos de goberno a través dos seus representantes.
- A ser recibidos, previa solicitude no horario establecido ao efecto, polo titor/a dos seus fillos e fillas.

- A ser informados da programación xeral anual e das actividades extraescolares.
- A ser informados e oídos sobre as faltas, as posibles sancións e decisións que afecten aos seus fillos e fillas.
- A ser tratados en todo momento con dignidade e respecto.
- A que se respecte a súa liberdade de conciencia, as súas conviccións relixiosas e morais.
- A que se respecten a súa intimidade, identidade e integridade.
- Á protección integral contra toda agresión física e moral. .
- A participar no funcionamento e na vida do centro, de conformidade coas normas vixentes.
- A propoñer a modificación destas Normas por medio dos seus órganos de representación.

Artigo 34. Deberes dos pais/nais ou titores legais.

Os/as pais/nais ou titores son os primeiros responsables da educación dos seus fillos. Deste feito se desprenden as súas obrigas co centro.

- Adoptar as medidas precisas ou solicitar axuda en caso de dificultade para que os seus fillos e fillas cursen os niveis obrigatorios da educación e asistan regularmente ás clases.
- Estimular aos seus fillos e fillas para que leven a cabo as actividades de estudo e tarefas, que de ser o caso, se lles encomenden.
- Coñecer e apoiar a evolución do seu proceso educativo, en colaboración cos profesores e o centro.
- Respetar os horarios establecidos e que o seus fillos asistan con puntualidade todos os días ao colexio e en perfecto estado de aseo.

- Xustificar as faltas de asistencia e puntualidade, así como as saídas do centro en horas lectivas.
- Respetar e facer respetar as normas establecidas polo centro.
- Fomentar o respecto por todos os compoñentes da comunidade educativa.
- Proporcionar aos fillos e ás fillas o material escolar necesario. Contemplaranse aqueles casos nos que a familia careza de recursos.
- Acudir ao centro cando sexa requirido.
- Informar ao profesorado sobre as posibles deficiencias físicas ou psíquicas do seu fillo/a e colaborar na adopción das medidas pertinentes.

TÍTULO VI. CLASIFICACIÓN DAS CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E A SÚA CORRECCIÓN:

Artigo 35. CONDUCTAS GRAVEMENTE PREJUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA.

Considéranse condutas gravemente prexudiciais para a convivencia no centro as condutas seguintes:

- a) As agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os compañeiros e compañeiras ou demais membros da comunidade educativa.
- b) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.

d) A gravación, a manipulación e a difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.

e) As actuacións que constitúan acoso escolar ou ciberacoso consonte o establecido polo artigo 28 desta lei.

f) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.

g) Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións, documentos e aos materiais do centro, incluídos os equipos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.

h) Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.

i) As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e a integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro, ou a incitación a elas.

l) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou a integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa (navallas, petardos, produtos tóxicos, fétidos, etc). En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou a negativa a entregar os obxectos (*O profesorado, na súa condición de autoridade pública, está facultado para requirir ao alumnado, dentro do recinto escolar e tamén durante a realización de actividades complementarias e extraescolares, a entrega de calquera obxecto, substancia ou produto que porte e que estea expresamente prohibido polas normas do centro, resulte perigoso para a súa saúde ou integridade persoal ou a dos demais membros da comunidade educativa ou poida perturbar o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares. O requirimento previsto neste punto obriga a alumna ou alumno requirido á inmediata entrega do obxecto, que será*

depositado polo profesorado na dirección do centro coas debidas garantías, quedando á disposición da nai ou pai ou da titora ou titor, ...unha vez terminada a xornada escolar ou a actividade complementaria ou extraescolar, todo iso sen prexuízo das correccións disciplinarias que poidan corresponder, segundo o Art. 11 da LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.) cando se é requirido para iso polo profesorado.

m) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.

n) O incumprimento das sancións impostas.

Artigo 36. MEDIDAS CORRECTORAS DAS CONDUCTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA.

1. As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia no centro docente poden ser corrixidas coas seguintes medidas:

a) Realización, dentro do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.

b) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.

c) Cambio de grupo.

d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión o alumnado deberá realizar na aula de apoio ou convivencia os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

e) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

f) Cambio de centro. Esta medida terá carácter excepcional segundo o establecido no artigo 40 do *Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar (DOG do 27)*.

2. Aquelas condutas que atenten contra a dignidade persoal doutros membros da comunidade educativa que teñan como orixe ou consecuencia unha discriminación ou acoso baseado no xénero, orientación ou identidade sexual, ou unha orixe racial, étnica, relixiosa, de crenzas ou de discapacidade, ou que se realicen contra o alumnado máis vulnerable polas súas características persoais, sociais ou educativas, terán a cualificación de condutas gravemente prexudiciais e levarán asociadas como medidas correctoras as establecidas nas alíneas e) ou f) do punto primeiro deste artigo.

Artigo 37. APLICACIÓN DAS MEDIDAS CORRECTORAS DAS CONDUCTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA.

1. A dirección do centro, por proposta da persoa docente, por ela designada, que instrúa o procedemento corrector, imporá as correccións enumeradas no Art. 36 destas normas, de conformidade cos procedementos previstos no Capítulo IV do Título III do *Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar (DOG do 27)*.

2. Unha alumna ou un alumno poderá ser readmitida/o nas clases ou no centro antes de cumprir todo o tempo de suspensión se a dirección constata que se produciu un cambio positivo na súa actitude e na súa conduta, para o cal consignará por escrito no correspondente expediente as razóns ou motivos que permitiron apreciar o antedito cambio na súa actitude e na súa conduta.

Artigo 38. PROCEDIMENTO PARA A CORRECCIÓN DAS CONDUCTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA.

O procedemento de corrección iniciarase no prazo de tres días lectivos, contados desde que se tivo coñecemento da conduta merecedora de corrección. A dirección do centro notificaralle esta por escrito ás persoas

proxenitoras ou representantes legais do/da alumno ou alumna, e se cumpren os requisitos esixidos para iso daralles a posibilidade de corríxila mediante o procedemento conciliado, informándoos das súas peculiaridades e das obrigas que comporta. Noutro caso, notificaráselles a utilización do procedemento común para a súa corrección.

No procedemento, conciliado ou común, para a corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia seguirase o establecido no Capítulo IV do Título III do *Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar (DOG do 27)*.

Artigo 39. PRESCRICIÓN DE CONDUCTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS E DAS SÚA CORRECCIÓNS.

1. As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia no centro, tipificadas nestas normas, prescriben aos catro meses da súa comisión.
2. O prazo de prescrición comezará a contar desde o día en que a conduta se leve a cabo, salvo cando se trate dunha conduta continuada, caso en que o prazo de prescrición non empezará a computar mentres esta non cese.
3. Nas condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado ou da interesada, do procedemento para a corrección da conduta, e reiniciarase o cómputo do prazo de prescrición no caso de producirse a caducidade do procedemento.
4. As medidas correctoras previstas para as condutas gravemente prexudiciais para a convivencia no centro docente prescriben ao ano da firmeza en vía administrativa da resolución que as impón.

Artigo 40. CONDUCTAS LEVES CONTRARIAS ÁS NORMAS DE CONVIVENCIA.

Considéranse condutas leves contrarias ás normas de convivencia no centro:

- a) As condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa na alínea a), os actos de discriminación da alínea b), os actos de indisciplina da alínea c), os danos da alínea g), os actos inxustificados da alínea h) e as actuacións prexudiciais descritas na alínea i) do Art. 35 que non alcancen a gravidade requirida no devandito precepto.
- b) Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibidos polas normas do centro, perigosos para a saúde ou a integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa, ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constitúa conduta gravemente prexudicial para a convivencia de acordo coa alínea j) do Art. 35.
- c) A falta de asistencia inxustificada a clase e as faltas reiteradas de puntualidade no horario de entrada ao centro, nos termos establecidos polas normas de convivencia do centro.
- d) A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento preciso para participar activamente no desenvolvemento das clases.
- e) Permanecer inxustificadamente fóra das aulas en horario de clase.
- f) Todo acto deliberado que demostre claro desinterese nas actividades de clase que impida ou pretenda impedir o desenvolvemento normal da clase.
- g) Falta das normas elementais de educación.
- h) Contribuir dalgunha maneira ao deterioro e falta de limpeza do material, mobiliario ou instalacións do centro, dos compañeiros/as e do propio alumno.
- i) Todas aquelas condutas que supoñendo incumprimento dos seus deberes, o/a profesor/a considere como tales.
- l) Outras condutas que, no seu momento, se tipifiquen como tales nas normas de convivencia do centro.

Artigo 41. MEDIDAS CORRECTORAS DAS CONDUCTAS LEVES CONTRARIAS ÁS NORMAS DE CONVIVENCIA.

As condutas leves contrarias ás normas de convivencia no centro poderán ser corrixidas coas medidas educativas correctoras que se enumeran a continuación:

- a) Amoestación privada ou por escrito.
- b) Comparecencia inmediata ante a xefatura de estudos.
- c) Realización de traballos específicos en horario lectivo.
- d) Suspensión (privación) do recreo compartido: permanecer na súa aula ou aula de apoio ou baixar ao patio e non permitirlle xogar en grupo.
- e) Realización, en horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro, ou reparar o dano causado ás instalacións, ao material do centro ou ás pertenzas doutros membros da comunidade educativa.
- f) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.
- g) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un prazo máximo de tres días debendo realizar durante o tempo que dure a suspensión os deberes e traballos que se determinen, na aula de apoio ou convivencia, para evitar a interrupción do proceso formativo.
- h) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- i) Cambio de grupo por un período de ata unha semana.

Artigo 42. RESPONSABLES DA APLICACIÓN DAS MEDIDAS CORRECTORAS DAS CONDUCTAS LEVES CONTRARIAS ÁS NORMAS DE CONVIVENCIA.

1. Serán competentes para decidir e impoñer as medidas correctoras de condutas leves contrarias ás normas de convivencia no centro:

a) O profesorado da alumna ou alumno, oído este e dando conta á xefa de estudos no caso das medidas previstas nas alíneas a), b), c), do Art. 41 destas normas.

b) A titora ou titor da alumna ou alumno, oído este e dando á xefa de estudos, no caso das medidas previstas nas alíneas a), b), c), d), e) do Art. 41 destas normas.

c) A xefa de estudos ou a persoa titular da dirección do centro, oídos a alumna ou alumno, e o seu profesor/a ou titor/a ou titor, no caso das medidas previstas nas alíneas a), c), d), e), f) do Art. 41 destas normas.

d) O director/a do centro, oídos a alumna ou alumno e o seu profesor/a titor/a ou titor, no caso das medidas previstas nas alíneas g), h), i) do Art. 41 destas normas. A imposición destas medidas correctoras comunicarase á nai ou ao pai ou á titora ou titor legal da alumna ou alumno antes de que estas se fagan efectivas, así como á comisión de convivencia do centro.

Artigo 43. SOLICITUDE DE REVISIÓN E EXECUCIÓN DAS MEDIDAS CORRECTORAS.

1. As alumnas ou os alumnos ás/aos cales se lles apliquen as medidas correctoras dunha conduta contraria ás normas de convivencia recollidas nas alíneas g) e h) do Art. 41 destas normas, as persoas proxenitoras ou representantes legais destas/es poderán mostrar o seu desacordo coa súa aplicación, no prazo de dous días lectivos, mediante escrito dirixido á dirección do centro que, logo de analizar e valorar as alegacións presentadas, ratificará ou rectificará a medida correctora.

2. A resolución que impoña algunha das medidas correctoras a que se refire o número 1 deste artigo, así como as restantes recollidas no Art. 41 destas normas, pon fin á vía administrativa e será inmediatamente executiva.

Artigo 44. PRESCRICIÓN DAS CONDUCTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E DAS SÚAS CORRECCIÓNS.

1. As condutas leves contrarias á convivencia, tipificadas nestas normas, prescriben ao mes da súa comisión.

2. O prazo de prescrición comezará a contar desde o día en que a conduta se leve a cabo, salvo cando se trate dunha conduta continuada, caso en que o prazo de prescrición non empezará a computar mentres esta non cese.

3. As medidas correctoras previstas para as condutas leves contrarias a convivencia prescriben aos catro meses da súa imposición.

TÍTULO VII. LEXISLACIÓN APLICABLE.

As presentes Normas de Organización, Funcionamento (NOF) e Convivencia foron elaboradas aténdose ao disposto na lexislación vixente, entre a que destacamos a seguinte, e sen prexuízo da que se poida dictar:

- Lei Orgánica 8/1985, de 3 de xullo, reguladora do dereito á educación (BOE 04/07/85), modificada pola Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (BOE 04/05/2006).

- Decreto 92/1.988 do 28/04/88 polo que se regulan os órganos de goberno dos centros públicos de ensino non universitario. Modificado polo Decreto 279/1990 (DOG 17/05/90).

- **LEI ORGÁNICA 2/2006, de 3 de maio, de Educación (BOE 04/05/2006).**

- **LEI ORGÁNICA 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (BOE 10/12/2013).**

- **LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar (DOG do 15 de xullo).**

- **DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro (DOG do 27 de xaneiro), polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar (DOG do 15 de xullo).**

- Real Decreto 732/1.995 do 05/05/95 polo que se establecen os dereitos e deberes dos alumnos e as normas de convivencia nos centros (BOE 02/06/95).

- Decreto 374/1.996 do 17/10/96 (DOG 21/10/96) polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.

- Orde do 22/07/97 (DOG 02/09/97) polo que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil e colexios de educación primaria.

- Circular nº 1/1997 de 3 de marzo da Dirección Xeral de Centros e Inspección Educativa do 29 de xaneiro sobre información aos pais separados ou divorciados dos resultados da avaliación dos seus fillos.

- Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 10/07/2009).

- Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia (23/06/2009).

- Real Decreto 1630/2006, de 29 de decembro, por el que se establecen las enseñanzas mínimas del segundo ciclo de Educación infantil (BOE 04/01/2007).

- Real Decreto 126/2014, de 28 de febrero, por el que se establece el currículo básico de la Educación Primaria (BOE 01/03/2014, *segundo LOMCE*).

- Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 09/09/2014).
- Orde do 23 de xullo de 2014 pola que se regula a implantación para o curso 2014/15 dos cursos primeiro, terceiro e quinto de educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o calendario de aplicación da Lei orgánica 8/2013, para a mellora da calidade educativa (dog 14/08/2014).
- Decreto 254/2012, do 13 de decembro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que imparten ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato, reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG do 26).
- Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG do 15).
- Decreto 120/1998, de 23 de abril, por el que se regula la orientación educativa y profesional en la Comunidad Autónoma de Galicia (DOG 27/04/1998).
- Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998 (DOG 31/07/1998).
- Circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, F. P. e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa na comunidade autónoma de Galicia
- Decreto 229/2011 do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galiza nos que se imparten as ensinanzas establecidas na LOE. (DOG 21/12/2011).

- Lei 42/2010, do 30 de decembro, pola que se modifica a Lei 28/2005, do 26 de decembro, de medidas sanitarias fronte ao tabaquismo e reguladora da venda, a subministración, o consumo e a publicidade dos produtos do tabaco (BOE 31/12/2010).
- Protocolo de coordinación, intervención e derivación interinstitucional en atención temperá (06/02/2015)
- **Protocolo de absentismo** (<http://www.edu.xunta.es/web/node/11632>).
- Instrucións do 31 de xaneiro de 2014 da DX de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.
- **Protocolo Xeral de prevención, detección e tratamento do Acoso Escolar e Ciberacoso.**
(http://www.edu.xunta.es/web/sites/web/files/content_type/learningobject/2013/)
- Instrucións do 17 de xuño de 2013 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa polas que se traslada o protocolo xeral de prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso nos centros docentes de niveis non universitarios sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero.**
http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/identidade_de_xenero_caderno.pdf
- **Protocolo de Protección de datos.**
http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/protocolo_proteccion_datos_v1.0.pdf
- **Protocolo de Urgencias Sanitarias e enfermidade crónica.**
http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/urgencias_sanitarias_e_enfermidade_cronica_a.pdf

Outubro 2018

Don Roberto Souto Díaz, Secretario do C.E.I.P. “SAGRADO CORAZÓN” de Lugo,

CERTIFICA:

Que na sesión ordinaria do Consello Escolar do CEIP “Sagrado Corazón”, de Lugo, celebrada o día 23 de outubro de 2018, foi aprobada, por unanimidade dos membros asistentes, a actualización e modificación parcial das Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia do Centro, para a súa incorporación ao PE, e que entrarán en vigor ao día seguinte da súa aprobación.

E para que conste aos efectos oportunos asino a presente certificación, co Visto e Prace do Director, en Lugo a vinte e tres de outubro de dous mil dezaoto.

O SECRETARIO

Vº e Prace
O DIRECTOR

Asdo.: Roberto Souto Díaz

Asdo.: Jesús Manuel Chorén López

ANEXO

MODELOS DE DOCUMENTOS



SOLICITUDE DE ENTREVISTA CO/COA TITOR/A

Don/Dona:
pai, nai ou titor/a legal do/da alumno/a
.....

SOLICITA entrevista co/coa titor/a para o MARTES, día de
de 20....

Lugo,.....de.....de 20....

Asdo.:

.....

(CORTAR POLA LIÑA DE PUNTOS E DEVOLVER AO TITOR/A)

CONFIRMACIÓN DA ENTREVISTA SOLICITADA CO PAI/NAI OU TITOR LEGAL

Don/Dona

profesor/a titor/a do/da seu/súa fillo/a comunícalle que manteremos a entrevista
solicitada por Vde. o MARTES, día de de 20....., ás
horas.

Lugo,..... de de 20....

Asdo.:



**COMUNICACIÓN / XUSTIFICACIÓN POR RETRASO OU
 AUSENCIA**

D./D^a,
 pai,nai ou titor/a legal do/da alumno/a
,
 de..... curso de Educación Infantil / Educación Primaria,
 comunícalle que o/a meu/miña fillo/a **non asistiu / chegou tarde**
(tache o que non proceda) á clase o/os día/días: polo seguinte
 motivo:.....

 Lugo,..... dede 20.....

O/A pai/nai ou titor/a legal

Asdo.:



SOLICITUDE DE PERMISO PARA
AUSENTARSE DO CENTRO EN HORARIO ESCOLAR.

D./D^a.....
 pai, nai ou titor/a do/da alumno/a.....

.....
 de..... curso de E.I. ou E.P. solicita permiso para que poida saír do
 Centro o día..... de..... de 20.... a partir das
 horas, acompañado/a do pai, nai, ou persoa autorizada
 (*tache o que non proceda*), **D./D^a**.....

.....,
 polo seguinte motivo

.....

Lugo, dede 20.....

O/A pai, nai ou titor/a legal

Asdo.:

*Concede o permiso o/a **Profesor/a**:*

Asdo.:



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



CEIP "SAGRADO CORAZÓN"
Polígono "Sagrado Corazón" s/n
27003 – L U G O
Tfno. e Fax: 982 870467 / 982 870470
Web: <http://edu.xunta.es/centros/ceipsagradocorazon>
E-mail: ceip.sagrado.corazon@edu.xunta.es

AUTORIZACIÓN RECOLLIDA ALUMNO/A

D./Dna., con DNI nº _____,
pai, nai ou titor legal do/da menor,
alumno/a de curso de EI / EP do CEIP Sagrado Corazón de Lugo, **AUTORIZA**,
formal e expresamente, a D./Dna....., con DNI nº
....., maior de idade, a recoller ao/á devandito menor no citado Centro durante
o curso escolar 20..../20.... ao rematar o horario lectivo (clases lectivas), actividades
complementarias e extraescolares, excursións, visitas culturais ou eventos concretos
previamente comunicados, segundo o establecido na *Instrucción Conxunta 9/2017 da
Secretaría Xeral Técnica e da Dirección de Centros e Recursos Humanos pola que se
establecen recomendacións sobre a saída dos alumnos escolarizados nos centros
educativos públicos da Comunidade Autónoma Galega ao remate do horario lectivo e
sobre a recollida deles nas paradas establecidas no transporte escolar, de 2 de xuño de
2017.*

Lugo, de de 20.....

O Pai/ A Nai ou Titor Legal:

Asdo.:

SR. DIRECTOR DO CEIP SAGRADO CORAZÓN.- LUGO



AUTORIZACIÓN RECOLLIDA ALUMNO/A

D./Dna., con DNI nº _____,
 pai, nai ou titor legal do/da menor
 alumno/a de curso de EI / EP do CEIP Sagrado Corazón de Lugo, **AUTORIZA**,
 formal e expresamente, a D./Dna....., con DNI nº
, maior de idade, a recoller ao/á devandito menor no citado Centro
 o día de de 20.... ao rematar o horario lectivo (clases lectivas),
 actividades complementarias e extraescolares, excursións, visitas culturais ou eventos
 concretos previamente comunicados, segundo o establecido na *Instrucción Conxunta*
9/2017 da Secretaría Xeral Técnica e da Dirección de Centros e Recursos Humanos
pola que se establecen recomendacións sobre a saída dos alumnos escolarizados nos
centros educativos públicos da Comunidade Autónoma Galega ao remate do horario
lectivo e sobre a recollida deles nas paradas establecidas no transporte escolar, de 2 de
xuño de 2017.

Lugo, de de 20.....

O Pai/ A Nai ou Titor Legal:

Asdo.:

SR. DIRECTOR DO CEIP SAGRADO CORAZÓN.- LUGO



AUTORIZACIÓN PARA A SAÍDA DO/DA ALUMNO/A SÓ/SOA
DO CENTRO

D./Dna., con DNI nº _____,
 pai, nai ou titor legal do/da alumno/a.....
 de 5º ou 6º curso (rodee o que proceda) de EP do CEIP Sagrado Corazón de Lugo,
AUTORIZA ao/á seu/súa fillo/a, formal e expresamente, **a saír só/soa do citado**
Centro durante o curso escolar 20.../20... ao rematar o horario lectivo (clases
 lectivas), actividades complementarias e extraescolares, excursións, visitas culturais ou
 eventos concretos previamente comunicados, eximindo á Consellería de calquera
 responsabilidade por danos ou lesións indemnizables que poida sufrir ou
 cometer/provocar o escolar, segundo o establecido na *Instrucción Conxunta 9/2017 da*
Secretaría Xeral Técnica e da Dirección de Centros e Recursos Humanos pola que se
establecen recomendacións sobre a saída dos alumnos escolarizados nos centros
educativos públicos da Comunidade Autónoma Galega ao remate do horario lectivo e
sobre a recollida deles nas paradas establecidas no transporte escolar, de 2 de xuño de
2017.

Lugo, de de 20.....

O Pai/ A Nai ou Titor Legal:

Asdo.:

SR. DIRECTOR DO CEIP SAGRADO CORAZÓN.- LUGO



**AUTORIZACIÓN PARA A SAÍDA DO/DA ALUMNO/A SÓ/SOA DO
CENTRO E DE RECOLLIDA DO/DA SEU/SÚA IRMÁN/IRMÁ**

D./Dna., con DNI nº _____,
pai, nai ou titor legal do/da alumno/a.....,
de 5º ou 6º curso (rodee o que proceda) de EP do CEIP Sagrado Corazón de Lugo,
AUTORIZA ao/á seu/súa fillo/a, formal e expresamente, **a saír só/soa do citado
Centro e de recoller tamén no mesmo á/ao súa/seu irmán/irman**
....., **de Curso de EI / EP**
durante o curso escolar 20.../20... ao rematar o horario lectivo (clases lectivas),
actividades complementarias e extraescolares, excursións, visitas culturais ou eventos
concretos previamente comunicados, eximindo á Consellería de calquera
responsabilidade por danos ou lesións indemnizables que poida sufrir ou
cometer/provocar o escolar, segundo o establecido na *Instrucción Conxunta 9/2017 da
Secretaría Xeral Técnica e da Dirección de Centros e Recursos Humanos pola que se
establecen recomendacións sobre a saída dos alumnos escolarizados nos centros
educativos públicos da Comunidade Autónoma Galega ao remate do horario lectivo e
sobre a recollida deles nas paradas establecidas no transporte escolar, de 2 de xuño de
2017.*

Lugo, de de 20.....

O Pai/ A Nai ou Titor Legal:

Asdo.:

SR. DIRECTOR DO CEIP SAGRADO CORAZÓN.- LUGO



INFORME DE INCIDENCIAS

O/A Profesor/a**amoesta**

ao/á alumno/a

do curso, Grupo, de Educación Infantil/Primaria.....

o día de de 20....., ás horas, aproximadamente, no lugar

de e polo seguinte motivo:

.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....

Conduta cualificada nas Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia do Centro (modificadas e aprobadas polo Consello Escolar o día vinte e tres de outubro de dous mil dezaoto) segundo o establecido no **Real Decreto 732/1995, de 5 de maio**, como:

Conduta contraria ás normas de convivencia no Centro: Falta Leve Grave

Conduta gravemente prexudicial para a convivencia no centro. Deberase ter en conta que a reiterada comisión de faltas leves durante un mesmo curso académico constitúe unha falta grave, coa conseguinte incoación do expediente e, se fora o caso, a correspondente sanción correctora.

Sanción imposta:

Sanción que se lle comunicará ao pai/nai de inmediato.

Lugo, a de de 20.....

O/A profesor/a-titora

O director

Asdo.:

Asdo.:

Informado/a o/a pai/nai

Asdo.: